

Pastoral

Desde o colexio pretendemos desenvolver a dimensión transcendente como parte da formación integral do alumnado, mediante o coñecemento dos valores cristiáns expresados a través do carisma de Santa Bonifacia, fomentando a espiritualidade como un proceso dinámico, onde poidan desenvolver a dimensión profunda, que lles sirva como unha ferramenta especial para o diálogo e adquiran un coñecemento, capaz de saber responder os retos que lles pon a vida.



Asesor relixioso: Luis Rodríguez Álvarez



COLEXIO PLURILINGÜE SAN JOSÉ - JOSEFINAS



Educación Secundaria Obligatoria

Curso 2025-2026



988 22 09 90
619 30 34 30



Síguenos polas RRSS



josefinas@josefinasourense.com

www.josefinasourense.com

PIPE
Plan Integral de
Plurilingüismo Educativo

Equipo Directivo

Mercedes Álvarez Madarnás
Representante da Entidade Titular

José Rodríguez Suárez
Administrador

José Antonio Villarroel Herrero
Director

José Antonio Villarroel Herrero
Orientador

Sabela Álvarez Pérez
Coordinadora de Pastoral

M^a José Pérez Gómez
Xefa de Estudos

Belén Cabaleiro Fernández
Coordinadora de EI

Juan José Sieiro Piñeiro
Coordinador de EP

Isabel M^a Diosdado García
Coordinadora de ESO

HORARIO DE
ATENCIÓN

SECRETARÍA
ADMINISTRACIÓN

De luns a venres de 9.00 a 13.00 h.
Martes de 16.00 a 18.00 h.

PROFESORADO

Titores

1º A - Jorge Requejo Fernández

1º B- Montserrat Prieto Álvarez

2º A- José Luis Guede Losada

2º B- Carlos Pérez Freire

3º A- M^a Luisa Prada Álvarez

3º B- José Antonio Mazaira Vázquez

4º A- Guillermo García Regueira

4º B- Laura M^a Conde Arcos



Non titores

José González Rodríguez

Isabel M^a Diosdado García

Enia Gándara Fernández

María José Vila Cid

Gerardo Méndez Álvarez

Elena Pardo Puga

Antonio José Moreiras Gómez

M^a José Pérez Gómez

ENTREVISTAS DE TITORÍA:

Martes de 18:00 a 19:00 h.

Os titores e titoras reciben ata o 29 de maio.

Autoridade Profesorado

☒ O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. (Artigo II da Lei 4/2011, 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa)

O profesorado e o Consello Escolar velarán polo efectivo cumprimento destas normas e confían en que o seu seguimento facilite o normal desenvolvemento do curso escolar.

Recomendacións xerais para FAMILIAS

- ☒ O centro **non se responsabiliza** dos obxectos persoais do alumnado.
- ☒ A **roupa deportiva** do colexio debe estar **marcada** co nome e o seu uso é exclusivo da clase de Educación Física ou das actividades complementarias.
- ☒ Débense adaptar as **tomas das medicacións** fóra do horario escolar.
- ☒ Nas entrevistas de tutoría **é necesaria** a presenza do alumnado.
- ☒ **Non se permite** a presenza de familiares ou acompañantes nos corredores ou nas aulas durante a xornada escolar, salvo autorización previa da Dirección.
- ☒ Comunicarase, cunha nota ao titor ou titora correspondente, calquera incidencia referente ao alumnado.
- ☒ Na medida do posible, advertirase das faltas do alumnado por enfermidades, sobre todo cando poidan ser contaxiosas.

DEBERES DAS FAMILIAS ou TITORES LEGAIS

- ✓ Débese velar pola **asistencia puntual** á clase do seu fillo ou filla.
- ✓ Débense xustificar as faltas de asistencia ou puntualidade.
- ✓ Os pais/nais/titores legais teñen a responsabilidade de fomentar nos seus fillos e fillas o espírito de disciplina, cooperación e solidariedade con todos os compoñentes da comunidade educativa, co ánimo de acadar entre todos un desenvolvemento non só académico senón integral da personalidade na formación do alumno ou alumna.

CONVIVENCIA	Son deberes básicos de convivencia do alumnado (Artigo 7. Lei 4/2011) a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación. b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. c) Respetar as particularidades de todos os membros da comunidade educativa. d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente. e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro. f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes. g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe. h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
MATERIAL E INSTALACIÓNS	✓ Todo membro do colexio deberá colaborar no coidado e mantemento da limpeza e a orde en todas as dependencias. Neste sentido, é inaceptable calquera tipo de acción ou actitude que degrade o centro ou o material. ✓ Os recursos informáticos das aulas (PDI, ordenador e os seus accesorios) non poden ser utilizados polo alumnado sen a autorización expresa do profesorado. ✓ O alumnado deberá contribuír ao coidado dos materiais e aforro no centro, e manterá posturas ecolóxicas no uso de recursos e materiais.
REPARACIÓN DE DANOS	☒ O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. (Artigo 13 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).

HORARIO ESCOLAR XORNADA ÚNICA

De 8:30 a 14:10 h.
Luns de 16:00 a 17:40 h

ENTREGA DE NOTAS

1ª avaliación: 19 de decembro 2025.
2ª avaliación: 27 de marzo de 2026.
Avaliación final: 25 de xuño de 2026.

VACACIÓNS E DÍAS NON LECTIVOS

31 outubro: Día do Ensino.
3 novembro: Día non lectivo.
11 novembro: San Martiño.
8 decembro: Inmaculada Concepción.
Do 20 de decembro ao 7 de xaneiro (incluídos):
Nadal
16,17 e 18 de febreiro: Entroido.
19 de marzo: SAN JOSÉ
Do 28 marzo ao 6 de abril (incluídos): **Semana Santa**.
1 maio: Día da festa do Traballo.
4 maio: Día solicitado.
19 xuño: FIN DE CURSO.




Servizo de COMEDOR con COCIÑA PROPIA.

Seguro escolar



COMO FACER USO DESTE DEREITO?



Se desexan levar aos nenos a outro centro médico será baixo a súa responsabilidade.

O alumnado de **3º e 4º de ESO** ten unha póliza distinta. Aténdeos a Seguridade Social.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Escola de Idiomas
Escola de MSJ

Plan de autoprotección escolar: No transcurso do presente curso 2025-2026 terá lugar un simulacro de evacuación do centro segundo a normativa vixente.

Normativa do centro

Actitudes do ALUMNADO que favorecen a convivencia

Xerais	✓ Coidamos as entradas e saídas do colexio evitando entorpecer ou obstaculizar o paso do alumnado así como a beirarrúa. ✓ As escaleiras e corredores son lugares de paso, pensa que debe haber un ambiente de respecto cara ao traballo dos demais. ✓ Mantemos un trato correcto e digno tanto dentro coma fóra do Colexio. O diálogo directo e respectuoso con todos é sempre mellor que a crítica, o desprezo e os malos modos. ✓ Non facemos xogos violentos, as pelexas e agresións verbais así como incitar a outras persoas a que actúen en prexuízo de bens e/ou das persoas da Comunidade Educativa. ✓ Deberá utilizarse o diálogo para a resolución dos conflitos que se poidan presentar.
Nas clases e espazos comúns	✓ Respetar a quenda da palabra. ✓ Levantar a man para intervir. ✓ Falar en voz baixa. ✓ Favorecer a actitude de axuda e colaboración. ✓ Respetar o traballo dos compañeiros. ✓ Resolver os conflitos de forma dialogada. ✓ Pedir as cousas por favor, dar as grazas e saudar ao entrar e saír do centro. ✓ Compartir e coidar os materiais. Recoller o material dunha tarefa antes de comezar con outra. ✓ Colaborar para manter a orde e limpeza da aula e os espazos comúns.
No recreo	✓ Xogar respectando aos demais. ✓ Usar adecuadamente a auga da fonte e das billas, sen xogar con ela. ✓ Facer uso das papeleiras de centro. ✓ En caso de choiva deberán permanecer no patio cuberto, non baixar balón e non utilizar o mobiliario do "parque infantil".

Xunto coa normativa específica do centro débese cumprir a lexislación vixente, destacando a LOMLOE, na que se especifican os deberes dos membros da comunidade educativa, e a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa.

O incumprimento das normas ou deberes levará á aplicación das medidas correctoras sinaladas e tipificadas no plan de convivencia e o noso RRI, de acordo coa lexislación vixente.

NORMAS XERAIS	✓ Respetamos a proposta educativa que fai o Colexio. ✓ O centro non se responsabiliza dos obxectos persoais do alumnado. ✓ Non se permite comer nas aulas, nos corredores e nos servizos. ✓ O uso do ascensor será con xustificación médica. ✓ Asistimos ao colexio aseados e correctamente vestidos, de maneira adecuada para a práctica docente. Evitarase amosar a roupa interior. Non se permiten: gorras, viseiras, chancas, camisetas con eslogans ou debuxos alusivos a tabaco, drogas, alcol, que fagan apoloxías do sexo ou da violencia; abelorios que chamen a atención, dificulten ou entorpezan o rendemento académico. ✓ Prohíbese portar teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, reprodutores de música, videoxogos ou similares no recinto do colexio. Establécese ademais, de acordo coa LOPD (Lei orgánica sobre protección de datos), a prohibición de tomar e/ou difundir, manipular imaxes, sons ou calquera tipo de información de calquera membro da Comunidade Educativa sen autorización previa escrita.
	✓ Prohíbese fumar, consumir e/ou ofertar substancias prexudiciais para a saúde en todo o recinto do centro e en calquera actividade escolar, segundo a lei vixente.
HORARIO	✓ Débense cumprir e respetar os horarios de entrada e saída do colexio. ✓ As saídas do centro fóra do horario habitual debe comunicarse previamente ao profesorado por escrito, indicando se veñen recoller o alumno ou alumna ou se pode saír só. ✓ Débense xustificar as faltas de asistencia e puntualidade preferentemente na plataforma abalar, aínda que mantemos o rexistro en papel (Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia). ✓ Poden ser consideradas como non xustificadas a reiteración de faltas de puntualidade e asistencia e a falta ás clases anteriores a un exame.